



ROTEIRO DE

CERCIO E SOBREIRAIS DO ARNEGO



DESCRICIÓN DO ROTEIRO

As sobreiras son as protagonistas desta andaina. Están alí, no doce val do río Arnego. Son un tesouro botánico. Unha beleza que nos regala a natureza.


Partiremos de Cercio, ao carón da súa igrexa con detalles barrocos e o seu cruceiro. Os primeiros camiños levarános preto de Cello onde veremos un muíño e a súa igrexa ao lonxe. Continuaremos ata a igrexa de Cangas e o seu cruceiro realmente fermoso. Pasaremos pola aldea de Montrigo e novamente adentrarémonos por fermosos camiños.

O seguinte punto de interese será a vella fábrica de papel de Rodís co árbol senlleiro do incenso. O entorno deste lugar é realmente bucólico. Subiremos preto da igrexa románica de Rodís. Despois voltaremos por fermosos camiños e pasaremos por diante da igrexa de Rodís do medio que é realmente singular.

Xa despois pasaremos polas teixugueiras e o maxestuoso sobreiral do Arnego que veremos tamén dende o mirador de As Piniceiras. Bonitos camiños conducirános ao pé do Castro de Palio onde sentiremos a presenza de “os mouros”. Dende alí iremos cara a igrexa de Santa Eulalia de Palio, un templo único de orixe protorrománica ou visigótica.

Finalmente retornaremos a Cercio onde remataremos a andaina.

MAPA



DATOS TÉCNICOS

Viarum dezae

Roteiros de Lalín

Roteiro de Cercio e Sobreirais do Arnego.

DOMINGO DIA 24 DE ABRIL DE 2016.

HORA 9:00 CONCENTRACIÓN NA PRAZA DA IGREXA

HORA 9:30 DESPRAZAMENTO EN AUTOBÚS ATA CERCIO

HORA 10:00 SAÍDA DENDE CERCIO. COMEZO DA ANDAINA

Percorrido curto Lalín

- Distancia 15 quilómetros
- Dificultade baixa
- Duración 4 horas (10 a 14:00)
- Percorrido: Cercio, Cello, igrexa de Cangas, Montrigo, fábrica de papel de Rodís, Rodís, Rodís do Cabo, as Teixugueiras, Sobreiral do Arnego, Ponte de Carmoega. Regreso en autobús a Lalín.

Percorrido longo:

- Distancia 20 quilómetros
- Dificultade media
- Duración aproximada 5 horas (10:00 a 15:00)
- Percorrido: Cercio, Cello, igrexa de Cangas, Montrigo, fábrica de papel de Rodís, Rodís, Rodís do Cabo, as Teixugueiras, Sobreiral do Arnego, mirador das Piniceiras, Santa Baia, Cercio. Regreso en autobús a Lalín.

Percorrido extralongo:

- Distancia 21 quilómetros
- Dificultade alta
- Duración aproximada 5 horas e media (10:00 a 15:30)
- Percorrido Cercio, Cello, igrexa de Cangas, Montrigo, fábrica de papel de Rodís, Rodís, Rodís do Cabo, as Teixugueiras, Sobreiral do Arnego, mirador das Piniceiras, castro de Palio, Santa Baia, Cercio. Regreso en autobús a Lalín.

Recomendacións:

- Non apto para menores de 12 anos.
- Calzado de monte e roupa de abrigo e chuvasqueiro.
- Levar avituallamento sólido e líquido.
- Autóbús para retornar a Lalín dende o lugar escollido (3 €)

Inscripcións en internet, pavillón Lalín Arena e Concello.

<http://www.lalin.org/concellerías/turismo/movete>

CERCIO, PARROQUIA HISTÓRICA



O lugar escollido para comenzar o roteiro é Cercio. Esta parroquia de Lalín caracterízase por ser moi activa cultural e socialmente, ademáis de ter unha especial importancia para Lalín no sector agrogandeiro.

A parroquia de Santiago de Cercio está situada na aba do monte Carrio, cunha extensión de 3,9 quilómetros cadrados. A pesares de existir algúns restos arqueolóxicos, a primeira mención histórica de Cercio data do ano 1274 e aparece en documentos de Santa María de Oseira. Neste periodo habería unha primitiva igrexa románica que se atopaba en distinto emprazamento da actual.

A igrexa actual de Cercio foi edificada arredor do ano 1748 como unha capela dedicada á Virxe do Carme, cedendo os veciños para a súa construción os terreos e capital necesario. O máis salientable da súa fachada, claramente barroca, é unha magnífica labra cos emblemas da Orde do Carmelo sobre a entrada principal.

Pero o que máis destaca na historia da parroquia de Cercio é o asentamento no seu termo de relevantes liñaxes a partir do século XIII que deixaron fonda pegada. A partir do século XV son referencia na zona os posuidores dunha das máis importantes casas fidalgas dezás, a Casa Grande de Cercio.



Na alta idade media, unha familia de poderosos terratenentes asentouse en Cercio. Destacaron os tres fillos de don Xoán Fernández de Deza. Dona Urraca Eans de Cercio, que debeu pertencer a elite social da época, atesorou gran cantidade de patrimonio, e no seu testamento feito o 17 de marzo de 1274, deixou ó mosteiro de Santa María de Oseira, no que elixe soterrarse, extensas propiedades en Deza e outras terras. Don Pedro Eans de Cercio, ao igual que a súa irmá, era dono de grandes propiedades territoriais sitas en Camba, Deza e Galicia. Don Nuno Eans de Cercio, irmán dos anteriores, é figura destacada na literatura medieval galega. Consérvanse once composicións do xénero das “cantigas de amor” e participou na coquista de Sevilla con Fernando II no ano 1248, cidade na que chegou a ter cuantiosos bens.

Posiblemente destas raigames nacera unha das máis importantes familias nobres de Deza, os posuidores da casa grande de Cercio, que soan xa no século XV como grandes propietarios vinculados ás casas de Ulloa e Moscoso. Son os chamados escudeiros de Cercio. Un escudeiro era unha personaxe relevante, como un capitán ao mando de varios peóns, unha especie de “amo” ou responsable supeditado a un señor, e no tempo de guerra levávanlle a éste a lanza, o ferro e o escudo, de aí o nome de escudeiros.

Así foron da liñaxe dos escudeiros de Cercio: Antón de Oirós (fixo testamento en 1475), Vasco Barreiro, Vasco de Traspénas, Gonzalo Sánchez de Traspénas (testou no ano 1560), Andrés Sánchez de Traspénas, Fernando Arias Somoza que foi Capitán da Terra de Deza dende 1616, Andrés Sánchez Somoza, Fernando Arias Somoza, e continúa a saga dos Arias Somoza durante o século XVIII e despois os Varela no século XIX.

BIBLIOGRAFÍA: GÓMEZ BUXÁN, CÉSAR. “Os escudeiros de Cercio”. Colección Deza Básicos nº9. Ano 2006. Este libro pode consultarse na biblioteca de Lalín.

ROTEIRO DE CERCIO E DOS SOBREIRAIS DO ARNEGO

CANGAS, IGREXA E CRUCEIRO



A igrexa de Cangas foi construída no século XII, ano 1159, aínda que con posteriores reformas. É unha mostra do primeiro románico rural. Ten unha soa nave, ventás en saeteira, porta principal con arquivolta sobre columnas, arcos interiores e canzorros. Crése que tivo vinculación aos cabaleiros templarios. Acompaña a igrexa un cruceiro adicado ao apóstol Santiago peregrino.

ROTEIRO DE CERCIO E DOS SOBREIRAIS DO ARNEGO

FÁBRICA DE PAPEL DE RODÍS



A ruta continúa polo lugar de Rodís. Alí poderemos visitar o que foi unha fábrica de papel que existiu a finais do século XVIII. Aínda pódense adiviñar o que foi este lugar cos seus muiños de farrapos e pulpa, fornos, sequeiros, e demais elementos. Xunto a ela está un árbol do incienso que é probablemente un exemplar único en Galicia. O papel obtíñase de farrapos, palla, follas e outros materiais fibrosos. Hai unha fase de separado de fibras e elaboración dunha pasta. Ésta poñíase en moldes. Despois obtíñase o papel e pasaba por fase de prensado e secado.

Na fabricación manual do papel, a materira prima (palla, follas, corteza, farrapos ou outros materiais fibrosos), ponse nunha tina ou batea e se golpea cun mazo pesado para separar as fibras. Durante a primeira parte da operación, o material lávase con auga limpa para eliminar as impurezas, pero cando as fibras están suficientemente partidas, mantéñense en suspensión sen cambiar a auga da tina. Nese momento, o material líquido, chamado pasta primaria, está listo para fabricar o papel.


A principal ferramenta do papeleiro é o molde. Ven sendo unha tela metálica reforzada con mallas cadradas ou rectangulares. O debuxo das mallas pode apreciarse na folla de papel rematada se non se lle da un acabado especial. O molde colócase nun bastidor móvil de madeira, e o papeleiro mergulla o molde e o bastidor na tina chea de pasta. Cando o extrae, a superficie do molde queda cuberta por unha delgada película de pasta primaria. O molde axítase en todos os sentidos, o que produce dous efectos, distribuíndo de xeito uniforme a mezcla sobre a súa superficie e fai que as fibras adxacentes se vaian entrelazando, o que da resistencia a folla. Mentras é axitado o molde, gran parte da auga da mezcla fíltrase a través da tea metálica.

A continuación déixase descansar o molde, coa folla de papel mollada, ata que ésta ten a suficiente cohesión para poder ser retirada do bastidor.

Unha vez retirado o bastidor do molde, dáselle a volta a este último e deposítase con suavidade a folla de papel sobre unha capa de fieltro. Despois colócase outro fieltro sobre a folla, e vólvese a poñer unha folla enriba e así sucesivamente.

Cando están colocadas unhas cuantas follas de papel alternadas con fieltros, a pila de follas sitúase nunha prensa hidráulica e sométese a unha gran presión, co que é expulsada a maior parte da auga que queda no papel. A continuación as follas de papel sepáranse dos fieltros, apílanse e prensanse. O proceso de prensado é repetido varias veces, variando a orde e posición relativa das follas. Este proceso denomínase intercambio, e a súa repetición mellora a superficie do papel rematado.

A etapa final da fabricación do papel é o secado. O papel cólgase de unha corda en grupos de catro ou cinco follas nun secadeiro especial, ata que a humidade se evapora casi por completo.



ROTEIRO DE CERCIO E DOS SOBREIRAIS DO ARNEGO

IGREXA ROMÁNICA DE RODÍS



A ruta segue por Rodís e pasa xunto a súa igrexa. Outra das xoias do románico do concello de Lalín. A Igrexa de San Xulián de Rodís ten corpo de sillería, ábside rectangular, porta principal con arco sobre columnas e lateral con dintel pentagonal, saeteiras, canzorros. O campanario é barroco. A igrexa ten adosada a sacristía.

ROTEIRO DE CERCIO E SOBREIRAIS DO ARNEGO

CAPELA DE RODÍS DO CABO



Resulta certamente curiosa esta pequena capela que está no lugar de Rodís do Cabo. É a capela da Virxe dos Remedios. A romaría celébrase na última semana do mes de agosto. Contan os veciños que viñan a esta capela moitos ofrecidos.

Destacan os grabados e relevos das pedras máis vellas dos laterais e do fondo da capela. A diferenza cronolóxica que se aprecia visualmente nestes sillares, indica que posiblemente pertencen a outra igrexa e que foron trasladados a este novo emprazamento.

Nos gravados mencionados aprécianse diferentes cruces, siluetas, e destaca especialmente un rostro alado que é o que se ve na fotografía do fondo.



ROTEIRO DE CERCIO E DOS SOBREIRAIS DO ARNEGO

MIRADOR DAS PINICEIRAS



A ruta continúa polo mirador das Piniceiras onde poderemos contemplar en todo o seu esplendor boa parte dos sobreirais do río Arnego.

O Sobreiral do Arnego é un espacio natural único. Atópase principalmente no concello de Agolada, aínda que tamén se poden atopar sobreiras na zona limítrofe do concello de Lalín e algunha tamén pola parte de Vila de Cruces. Trátase dun área forestal no val do río Arnego formada principalmente por sobreiras (*Quercus Suber*), que sendo unha especie propia dun clima máis suave, logrou pervivir e prosperar no val do río Arnego gracias as condicións climatolóxicas que presenta este enclave. No curso do río Arnego e no val de Carmoega dáse o que se pode chamar un microclima específico con temperaturas mornas ao longo de todo o ano, e éste resulta ser un habitat propicio para as sobreiras.

A peculiaridade deste paraíso natural fixo que se adoptasen medidas para a súa protección, estando incluído na Rede Natura e sendo tamén considerado coma LIC (Lugar de Interese Comunitario). Está pois o sobreiral amparado polas medidas de protección asociadas a estas figuras. Tamén se aprecia o traballo desenvolvido pola chamada rede de custodia Ulloa-Arnegu.

CASTRO DE PALIO



O castro de Palio é un dos 33 castros que ten o Concello de Lalín, o que da unha idea da importancia que tivo a cultura castrexa no noso Concello.

O castro de Palio está situado na vertente esquerda do río Arnego. O castro foi construído no borde da rotura de pendente do encaixamento fluvial do Arnego. Pola súa cara oeste está o rego de Teixugueiras que tamén modela a orografía do entorno deste castro e podía surtir de auga aos habitantes do mesmo.

Este castro consta de dous recintos situados a diferente nivel. O recinto superior ou croa é de forma circular. Adosado ao recinto superior ou croa, atópase, polo flanco suroeste un segundo recinto ou antecastro.

No mes de outubro do ano 2000, buscadores de tesouros, procederon a súa aradura coa finalidade de buscar obxectos de ouro. Esta acción agresiva e destrutiva do patrimonio foi obxeto dun proceso xudicial que rematou con sentenza condenatoria. Esta acción desenterrou diversos restos arqueolóxicos entre os que estarían diversos clavos ou obxectos de ferro, anacos de cerámica castrexa, obxectos de pedra que poderían ser afiadeiras ou pulidores, unha moa fragmentada en tres anacos e entre catro ou cinco concentracións de pequenos bloques de arxila rubefacta por efecto da calor, que formarían parte de varias lareiras domésticas das vivendas castrexas.

ROTEIRO DE CERCIO E DOS SOBREIRAIS DO ARNEGO

IGREXA DE SANTA EULALIA DE PALIO



A igrexa de Santa Eulalia de Palio, situada no lugar de Santa Baia, presenta o aspecto dos templos primitivos visigóticos rurais, aínda que xa conta con elementos do estilo románico emerxente: Nave pequena, ábside rectangular e dúas portas, a principal con remate ovalado e a lateral, rectangular. No interior destaca o arco trunfal de medio punto apoiado en dous capiteis con motivos vexetais e cunha figura no centro. Tamén conserva decoracións en pintura. O edificio carece de culto dende o ano 1971.

A parroquia de Santa Eulalia de Palio existiu ata o ano 1940, ano no que se repartiu entre Cercio e Rodís. O seu nome figura nunha donación feita no ano 1256 ao mosteiro de Carboeiro por un tal Xoán Rodríguez. Isidro Bango Torviso, no seu traballo sobre as obras románicas da provincia, indica que aprècianse dúas etapas construtivas, correspondendo a parte máis antiga (o arco trunfal), a un templo anterior reedificado arredor do ano 1200. A tradición oral de Palio conta que a igrexa primitiva situábase á beira do castro da parroquia e que resultou destruída por unha riada, que levou as campanas ao río Arnego, onde aínda hoxe estarían alí mergulladas. Os restos desa primitiva igrexa serían engadidos a unha capela existente no lugar.



Bibliografía: "Santa Eulalia de Palio abandona la lista roja". Artigo publicado no Faro de Vigo por Xan Salgueiro o 25 de marzo de 2016.

Bibliografía:

“A Comarca do Deza”. Daniel González Alén e Armando Vázquez Crespo.

“Lalín. La tierra de Deza”. Armando Vázquez Crespo. Editorial Everest S.A.

“Os Castros de Lalín”. Antonio Presas García.

Inventario de cruceiros de Lalín. Cecilia Doporto.

BANGO TORVISO, ISIDRO GONZALO (1979): *Arquitectura Románica en Pontevedra*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

GÓMEZ BUXÁN, CÉSAR. “Os escudeiros de Cercio”. Colección Deza Básicos nº9. Ano 2006.

RUBIA ALEJOS, FRANCISCO y GOMEZ BUXAN, CESAR. "Cercio, siete siglos de historia". La Voz de Galicia 14.05.2000.

RUBIA ALEJOS, FRANCISCO. "Heráldica del Deza. El escudo con tenantes de Cercio. Descubriendo nº4. 2002.

GOMEZ BUXAN, CESAR. "Xenealoxías Dezanais, fidalguías de Santa Baia de Palio". Descubriendo nº6.

“Santa Eulalia de Palio abandona la lista roja”. Artigo publicado no Faro de Vigo por Xan Salgueiro o 25 de marzo de 2016.